

## Guía de procedimientos e servizos

### TR363A - Subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas.

#### Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

#### Datos solicitude

Prazo de presentación: 28/01/2015 - 31/03/2015.

*Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de marzo de 2015.*

Prazo de resolución: Un mes

Sentido do silencio administrativo: Negativo

#### Documentación

- Solicitude normalizada segundo o Anexo I, acompañada da seguinte documentación:
  - a) Tarxeta de identificación fiscal da entidade e documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante, no suposto de que non autorice a súa verificación no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.
  - b) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).
  - c) Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.
  - d) Acordo para a realización de prácticas asinado.
  - e) Declaración responsable da persoa nova, da carencia da educación/formación a que se refire o artigo 4.1 desta orde.
  - f) Programa de prácticas.
  - g) Certificación do Plan de igualdade ou Marca galega de excelencia en igualdade, de ser o caso.
  - h) Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados de que dispoña a empresa no seu cadro de persoal.
- Esta documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Tamén se poderá presentar presencialmente na Dirección Xeral de Emprego e Formación, por calquera das formas

previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando o número de rexistro de entrada da solicitude no suposto de ter feito a presentación electrónica previa.

- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.
- A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## **A onde acudir**

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a [012@xunta.es](mailto:012@xunta.es)

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

### **DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN**

#### **SUBDIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO**

##### **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO**

Edificios Admvos. San Lázaro, s/n

15781

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: [981544692](tel:981544692) / [981545613](tel:981545613) Fax: [981544604](tel:981544604)

## **Obxecto**

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das subvencións para o financiamento ás empresas das bolsas das persoas novas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que realizan prácticas non laborais nestas empresas.

A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realízase mediante réxime de concorrencia competitiva.

## Beneficiarios

As empresas con centro de traballo en Galicia que, logo da sinatura dun convenio de prácticas non laborais co Servizo Público de Emprego de Galicia no marco do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, subscriban acordos con persoas novas para a realización de prácticas non laborais.

Obrigas das entidades beneficiarias

1. Proporcionarlles ás persoas novas que realizan prácticas non laborais a formación que acompañará estas conforme o programa de prácticas presentado ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
2. Desenvolver as prácticas nos termos previstos no acordo subscrito coa persoa nova.
3. Aboar mensualmente as bolsas.
4. Cumprir coas obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Cumprir coas obrigas que lle corresponden como empresario de acordo co establecido no artigo 5.1 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.
6. Comunicar á Dirección Xeral de Emprego e Formación a obtención de subvencións ou axudas para o mesmo proxecto e finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.
7. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Fondo Social Europeo e ás que poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, á Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.
8. Remitir á Dirección Xeral de Emprego e Formación as baixas ou acordos de redución de xornada das persoas novas que realicen as prácticas. Cando a persoa nova cause baixa non poderá ser obxecto de substitución, para os efectos desta subvención.
9. Comunicar á Dirección Xeral de Emprego e Formación calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a realización das prácticas reguladas pola presente orde.

## Requisitos

1. As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos servizos públicos de Emprego e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, co obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centros de traballo, co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do acercamento a ela, ao tempo que contribúen a completar a formación acadada pola persoa nova.

Poderán acollerse a esta subvención as empresas ou grupos empresariais que asinasen acordos con posterioridade ao 15 de novembro de 2014 e ata a data límite de presentación de solicitudes desta convocatoria. As prácticas deberán iniciarse, como máximo, no prazo dun mes desde a resolución de concesión. O incumprimento deste requisito terá como

consecuencia ter por desistida a entidade da solicitude de subvención, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As prácticas non laborais realizaranse en centros de traballo localizados na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. As prácticas non laborais nas empresas non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a empresa e a persoa nova.
4. As prácticas non laborais nas empresas terán unha duración de entre seis e nove meses; e a xornada laboral será, como mínimo, de catro horas diarias, e non poderán superar as corenta horas semanais.
5. As prácticas desenvolveranse en centros de traballo da empresa ou do grupo empresarial, baixo a dirección e supervisión dunha persoa que as titorice. Á finalización das prácticas non laborais, as empresas deberán entregar ás persoas que as realizaron un certificado no que conste, polo menos, a práctica realizada, os contidos formativos inherentes a ela, a súa duración e o período de realización.
6. As empresas ou grupos empresariais en que se desenvolvan as prácticas aboarán ás persoas novas participantes unha bolsa de apoio cuxa contía neta será, como mínimo:
  - 1, 2 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas teñan unha duración de catro horas diarias.
  - 1,5 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas duren máis de catro horas diarias.
7. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde as prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, das persoas estudantes universitarias, que se rexerán pola súa normativa específica.

## **Normativa**

### **AUTONÓMICA**

Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil (DOG nº 17 do 27 de xaneiro de 2015).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>